

CEGCOL - RECUPERAR/RENOVAR CONTRASINAL

1. A quen vai dirixido este documento

Este documento vai dirixido aos titulares de explotacións, que utilizan a aplicación de control leiteiro CEGCOL. Descríbese o procedemento para obter o contrasinal de acceso e a recuperación do contrasinal en caso de perda.

A alta inicial do titular debe ser realizada polo AFRICOR no que estea incluída a explotación. En caso de tratarse dunha explotación de incorporación recente, debe asegurarse co seu AFRICOR de que xa se realizou a alta inicial.

Unha vez feito o trámite correspondente polo AFRICOR, o titular queda rexistrado no sistema CEGCOL coa seguinte información: o código de explotación (código REGA) e un correo electrónico.


2. Recuperar contrasinal

Lembre que está rexistrado en CEGCOL co correo electrónico que facilitou ao seu AFRICOR. Asegúrese que ten acceso a ese correo para poder recibir as comunicacións.

2.1.- Prema na seguinte ligazón:

<https://contausuario-externo.xunta.gal/auth/realms/externos/login-actions/reset-credentials>

Mostraráselle á seguinte pantalla:



En "Usuario" introduza o REGA completo (ex: ES990000000000) e faga clic en "Enviar".

2.2.- Recibirá un novo correo electrónico como o seguinte:

Bo día!

Solicítouse cambiar o contrasinal da súa conta de usuario/a da Xunta de Galicia. Se non quere cambiar o contrasinal da súa conta, ignore esta mensaxe e non se realizará ningún cambio.

Faga clic na ligazón seguinte para cambiar o contrasinal:

Esta ligazón expirará en 5 minutos. Se o enlace anterior xa non fose válido repita o proceso empregando:

<https://contausuario-externo.xunta.gal/auth/realms/externos/login-actions/reset-credentials>

Este correo foi xerado automaticamente non responda a este enderezo.

En caso de precisar axuda contacte coa persoa responsable do seu servizo.

Un saúdo.

Debe premer na primeira ligazón para establecer o contrasinal.

E teña en conta que:

- Este correo ten unha validez de 5 minutos. Se xa pasaron os 5 minutos deberá repetir o proceso dende o punto 2.1.
- Se non recibiu este correo repita o proceso dende o punto 2.1.

2.3.- Depois de premer na primeira ligazón mostraráselle a seguinte pantalla:

 XUNTA
DE GALICIA

[Galego](#) [Castellano](#)

Modificación de contrasinal

 Tes que cambiar o teu contrasinal.

Novo contrasinal

Confirma o contrasinal

Enviar



Introduza o contrasinal que queira nos dous campos e prema "Enviar".

O contrasinal debe cumprir as seguintes condicións:

- Conter letras e números
- Lonxitude mínima de 8 caracteres

2.4.- A seguinte pantalla indica que se rexistrou correctamente

Usuario	ES990000000000
Enderezo electrónico	xxxxxx@xxxx.xxx
Nome	XXXXXXXX
Apelidos	XXXXXX XXXXXX

Se non recibiu ningún correo ou non conseguiu rematar o proceso pode pedir axuda enviando un correo a: soporte-cegcol@listaxes-correo.xunta.gal ou chamando ao seu AFRICOR.

3. Renovar contrasinal

O contrasinal ten unha caducidade de 120 días.

Aos 28, 14, 7 e 0 días antes da expiración recibirá un correo coma este con indicacións para o cambio de contrasinal.



De: Usuario/a Xunta (non responder) <nonresponder@xunta.gal>

Enviado: jueves, 14 de marzo de 2024 0:04

Para: [REDACTED]

Asunto: Expiración do contrasinal en 14 días

Bo día,

O contrasinal vinculado ao seu usuario para o uso nas aplicacións da Xunta de Galicia con identificador [REDACTED] expirará en '14' días.

Por favor, faga o cambio do contrasinal antes da súa expiración a través do formulario que atopará en <https://contausuario-externo.xunta.gal/auth/realms/externos/account/password>. Lembre que non poderá acceder as aplicacións unha vez o contrasinal expirase.

- Requisitos que debe cumprir o contrasinal -

Os parámetros operativos implantados nos sistemas de información da Xunta de Galicia en relación á xestión de contrasinais se recollen na Política de Contrasinal corporativa vixente, que resumimos a continuación:

- O contrasinal debe ter unha lonxitude mínima de 8 caracteres
- O contrasinal non pode conter o identificador de usuario
- O novo contrasinal debe diferenciarse polo menos en 3 caracteres do último contrasinal empregado
- O contrasinal non pode coincidir con ningún dos 5 últimos utilizados
- Bloqueo da conta tras 5 intentos fallidos
- Desbloqueo automático tras 15 minutos
- Caducidade 120 días
- Almacenamento cifrado

Este correo foi xerado automaticamente, non responda a este enderezo.

En caso de precisar axuda contacte coa persoa responsable do seu servizo.

Un saúdo.